

26.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE XUÑO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 25/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13 DE XUÑO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 25/2016 de data 13 de xuño de 2016, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- PROXECTO DE URBANIZACIÓN.

2.1.- Acordouse **aprobar definitivamente o PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AREA DE REPARTO AR-MP12 (REFUNDIDO) DO P.X.O.M. DE LALÍN**, coas condicións detalladas no informe técnico redactado polo Asesor Urbanístico do Concello de Lalín e polo Arquitecto Técnico Municipal de data 7 de abril de 2016.

3.- LICENZAS DE OBRA.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de ascensor na rúa B, 62, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 10/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 859,85 euros.

3.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción dun almacén para forraxes e maquinaria agrícola e dous silos en Castro de Cabras, Castro, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 08/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.117,21 euros.

4.- LICENZA DE DEMOLICIÓN.

4.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN** para o derribo dunha vivenda unifamiliar sita en Lamas, 6, Noceda, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 07/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 230,66 euros, así como a constitución de fianza na Tesourería Municipal por importe de 1.667,59 euros.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.

5.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para canalización de gas natural na rúa Ramón Aller, 23 - Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/03/16 por importe de de 26,82 euros en concepto de ICIO, así como a constitución de aval na Tesourería Municipal por importe de 500 euros.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

6.1.- Acordouse A **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE** respecto da licenza da obra de ampliación de cebadeiro de porcino no lugar de Vilariño, Santiso, Lalín.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

7.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES**

RECREATIVAS para a celebración de festas patronais, os días 24 e 25 de xuño de 2016, en Palmou – Lalín.

8.- INFORMES PREVIOS.

8.1.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal**, de data 13/06/16, en relación coa solicitude de licenza para construción de nave almacén en Castro de Cabras, Lalín, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a preceptiva autorización, de ser o caso, debido á proximidade co elemento catalogado GA36024049 (Mámoa do Monte da Rocha).

8.2.- Acordouse **aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal** de data 12 de maio de 2016, en base á solicitude formulada pola UNIDADE DE ESTRADAS EN PONTEVEDRA DO MINISTERIO DE FOMENTO respecto a adenda de ampliación de rede de Gas Galicia SDG, S.A. na N-525 p.k. 291+380 m. Esq.

8.3.- Acordouse **aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal** de data 3 de xuño de 2016, en base á solicitude formulada pola UNIDADE DE ESTRADAS EN PONTEVEDRA DO MINISTERIO DE FOMENTO, respecto á autorización de obras para cala na rúa Corredoira, N-525 P.K. 291+653 M. DTA. T.M.

9.- PROCEDIMIENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN.

En relación ao procedemento de orde de execución, acordouse desestimar as alegacións presentadas por interesada e ordenar que proceda a cortar as ramas e/ou as árbores que estean a provocar os danos obxecto do procedemento, coa finalidade de dotar á súa propiedade das condicións de seguridade das que carece.

10.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

10.1.- Acordouse **autorizar a prórroga forzosa do contrato denominado “Servizo Público de Axuda a domicilio do Concello”**, asinado entre o Concello de Lalín e empresa GALAUREA, S.L, o día 18 de xuño de 2016 ata a entrada en vigor do contrato administrativo derivado do expediente de contratación denominado “SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN

SITUACIÓN DE DEPENDENCIA)”).

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.1.- Acordouse **aprobar a relación de facturas nº 00079 por importe de 31.932,56 €.**

12.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse **solicitar unha ampliación do prazo de xustificación da subvención** concedida ao abeiro da Orde 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 246, do 28 de decembro) por importe de 117.591,59 € para: “Adquisición de equipamento e mellora do espazo ambiental do Río Pontiñas”.

12.2.- Acordouse **solicitar unha subvención por importe de 6.000,00 € para a realización da Foliada 2016** ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e convócanse para o ano 2016.

12.3.- Acordouse **solicitar á Deputación de Pontevedra unha subvención de 6.390,13 € con destino á CAMPAÑA PROMOCIONAL DE TURISMO DE LALÍN “UN INTERIOR ÚNICO”**, e ao mesmo tempo, solicitar tamén o cambio de denominación do proxecto de turismo, solicitado polo Concello de Lalín, concedido ao abeiro do Plan de Concellos 2016, procedendo á anulación do proxecto GUÍAS DE ROTEIROS, e concedendo a CAMPAÑA PROMOCIONAL DE TURISMO DE LALÍN “UN INTERIOR ÚNICO”.

12.4.- Recoñecer a obriga e ordenar o ingreso do importe de **100 € en concepto de costas procesais** impostas ao Concello de Lalín, en relación coa tramitación do PROCEDIMENTO ORDINARIO 78/2016.

12.5.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante con DNI. 35231957 por importe total de 141,67 €.

12.6.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 230 €.

12.7.- Acordouse **reintegrar a un funcionario** a cantidade de 16,52 €, correspondente o 50% do gasto farmacéutico realizado (33,05 €) segundo os recibos xustificantes.

12.8.- Acordouse **recoñecer a obriga derivada do outorgamento do XIº PREMIO DE PINTURA ESCOLAR MESTRE LAXEIRO.**

12.9.- Acordouse **conceder licenza administrativa municipal** para posuír animais potencialmente perigosos e inscribir a cadela de raza Pitt Bull Terrier no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co núm. 41.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Deuse conta do escrito da Deputación Provincial de Pontevedra co que achega Resolución Presidencial de **concesión dunha subvención por importe de 4.000 euros para a “Adquisición de caseta para oficina de información turística na Praza da Vila”.**

13.2.- Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra no que achega Resolución Presidencial de **concesión dunha subvención por importe de 14.000 euros para a “Substitución de luminarias na rúa B (Lalín)”.**

13.3.- Acordouse conceder **acceso, pero non copia,** do expediente tramitado para a obtención de licenza de obra para construción dunha nave de cebadeiro de porcino en Igrexa – Goiás – Lalín.

13.4.- Deuse conta do escrito achegado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 15 de xuño de 2016, no que **autorizan ó arqueólogo Erik Carlsson-Brandt Fontán para a realización do proxecto de intervención arqueolóxica no Castro de Doade.**

13.5.- Acordouse autorizar a **consulta, pero non copia**, do expediente relativo a licenza e obras no parking exterior do Lalín Arena.

13.6.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a utilización de parking exterior do Pontiñas Centro Comercial para a realización dun torneo deportivo do 27 de xuño ao 1 de xullo de 2015 dende as 16:00 horas ata as 21:00 horas.

13.7.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do espazo de recreo de Mouriscade para a celebración dunha comida familiar o día 2 de xullo de 2016 durante todo o día.

13.8.- Acordouse **conceder autorización municipal** para cortar a rúa dos Tilos e instalar unha carpa, mesas e cadeiras para facer unha fogata de San Xoán o día 26 de xuño de 2016, a partir das 14:00 horas.

13.9.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso/ocupación de vía pública e alteración do tráfico para os días 23 e 24 de xuño de 2016, dende o xoves día 23 de xuño as 9 da mañá ata o venres 24 de xuño as 12 do mediodía, na PO-206 entre a intersección da rúa 32 e a rotonda do vial SGV-5 (N-640), para a celebración da festividade de San Xoán.

13.10.- Acordouse **ceder a Sala de Prensa** ao comité de empresa do Concello de Lalín para que podan xuntarse no exercicio das súas funcións sindicais.
